



## Concello de Baralla

### BANDO

#### D. MIGUEL GONZÁLEZ PIÑEIRO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BARALLA (LUGO).-

#### FAI SABER:

Que se publicou no *DOGA (Diario Oficial de Galicia)*, a resolución do **Instituto Galego da Vivenda e Solo** pola que se convoca **O PROGRAMA DE AXUDA AO ALUGUEIRO DE VIVENDA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, PARA O ANO 2024.**

#### BENEFICIARIOS

Persoas físicas maiores de idade que cumpran os seguintes requisitos:

- Posuír a nacionalidade española ou a dalgún dos Estados membros da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo, Suíza, ou o parentesco determinado pola normativa que lle sexa de aplicación. No caso de estranxeiros non comunitarios, deberán contar con autorización de estancia ou residencia en España.
- **Ser titular, en calidade de persoa arrendataria, dun contrato de alugamento de vivenda**, formalizado nos termos da Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos. Os contratos deberán ter unha duración mínima dun ano e facer mención expresa á referencia catastral da vivenda arrendada.
- Ter a súa **residencia habitual e permanente na vivenda arrendada**, o que se deberá acreditar mediante certificado ou volante de empadramento, en que conste, na data da solicitude, as persoas que teñen o seu domicilio habitual na vivenda obxecto do contrato de alugamento.
- Que os **ingresos mínimos da súa unidade de convivencia non sexan inferiores a 0,5 veces o IPREM**.
- Que a **suma total das rendas anuais** das persoas que formen parte da súa unidade de convivencia, consten ou non como titulares do contrato de alugamento, **sexan iguais ou inferiores a 3 veces o IPREM**. O límite será de 4 veces o IPREM no caso de que a unidade de convivencia sexa unha familia numerosa de categoría xeral ou dentro dela haxa persoas con discapacidade ou vítimas de terrorismo. **O límite será de 5 veces o IPREM cando a unidade de convivencia sexa familia numerosa de categoría especial ou teña persoas con discapacidade cun grao reconecido igual ou superior ao 33 %.**

#### CONTÍA DAS AXUDAS

- ❖ Concederáse ás persoas beneficiarias unha axuda de **ata o 50 % da renda** que deban satisfacer polo alugamento da súa vivenda habitual e permanente, en función dos seus ingresos.
- ❖ A contía da axuda reconecida na resolución de concesión determinarase en **función da renda establecida no contrato**, sen que en ningún caso o seu importe poida ser incrementado, aínda que a citada renda aumente ao longo da duración do contrato.
- ❖ A axuda concederáse anualmente e poderá acadar o **prazo máximo de dous anos**. Non obstante, para poder gozar da segunda anualidade deberá solicitarse a renovación anual no prazo que se sinala na resolución de concesión da axuda inicial.

#### PRAZO DE SOLICITUDES

Ata o 29-02-2024

Esta subvención é en réxime de concorrencia non competitiva, é dicir, por **ORDE DE REXISTRO DE ENTRADA** da solicitude.

#### INFORMACIÓN SOBRE A TRAMITACIÓN DAS SUBVENCIÓNS:

Concello de Baralla, Oficina do Técnico de Emprego e Desenvolvemento Local (Alberto); Teléfono: 982363303.

Baralla, 16 de xaneiro de 2024

O ALCALDE

Asdo. Miguel González Piñeiro

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221

